



Programa de mediación entre iguais 2018-2019

O programa está en proceso de modificación, anexarase na carpeta do curso 2019-20.

➤ Planing da formación de mediadores:

• Alumnado mediador

O equipo de Mediación está composto por 12 alumnos e alumnas de 3º e 4º da ESO, que aceptaron participar no programa de formación para ser mediadores. O alumnado de 3º asistira como convidados o curso 18-19 a unha formación en Mediación por parte do CEFORE, xunto con profesores do centro. O resto de alumnado colaboraba como observadores nas aulas, logo da autorización das súas familias.

• Material empregado

Para a realización das sesións de formación empregouse diverso material. Os manuais básicos foron "Tiempo de Mediación" de M^a Carmen Boque I Torremorell e o de Torrego "Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para la formación de mediadores". Para a elaboración dos documentos adaptamos un material atopado en internet do IES "Fin do camiño".

• Programación sesión: sesión con formadoras do cefore

A través do CEFORE tivemos unhas sesións de formación en Mediación, con dúas formadoras que nos seus centros de traballo puxeron en funcionamento a Mediación. A unha destas sesións foi convidado distinto alumnado interesado no tema. Do alumnado asistente seleccionouse o grupo de Mediadores que ían iniciar a súa formación no IES.

• Exemplo dunha sesión, con reportaxe gráfica


A formación iniciouse a finais de xaneiro do 2019, cunha sesión informativa ás familias dos mediadores e das mediadoras e logo continuouse de xeito consecutivo os luns polas tardes durante sete sesións. A continuación aporto un exemplo dunha das sesións realizadas co alumnado e fotografías de diversas actividades realizadas:





MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS

SESIÓN 1: TEMPO DE MEDIACIÓN



- Que é a mediación?
- Rol da persoa mediadora
- Beneficios da mediación

Español de Mediación - IES ALEXANDRE BÓVEDA



- *Presentación da sesión 1*
- *1ª Sesión*

Sesión 1. (11 de febreiro de 2019)

Proxectóuselle un PowerPoint explicativo sobre a mediación, as súas característica e os seus tempos. Realizáronse dinámicas grupais: "Bingo de atopa a alguén que...", "xogo sen pistas", "a cova no medio do deserto", "a mediación no noso centro, vantaxes e inconvenientes" e "descubrir calidades".



➤ **Bibliografía sobre mediación dispoñible no centro**

Contabamos con pouca bibliografía sobre o tema. Consequimos copia dalgún libro fora de catálogo a través das formadoras do CEFORE. Os demais fómoslos adquirindo con orzamento do centro.



http://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandreboveda/system/files/Bibliograf%C3%ADa_Mediacion_2018_2019.pdf






➤ Documentos elaborados para a mediación



Debuxo identificativo do grupo de mediación

Realizamos unha busca da imaxe identificativa do grupo, decidíndonos por adaptar un debuxo que nos gustou en internet:



<https://revistaliterar1.wordpress.com/2015/03/31/poesia-edward-estlin-cummings-e-e-cummings/>



Solicitud de mediación entre iguais



Rexistro de mediación entre iguais



Rexistro de acordo de mediación entre iguais



Valoración sobre a mediación do alumnado mediado



Valoración do servizo de mediación



Memoria do noso modelo de mediación entre iguais do curso 2018 - 2019